

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o artigo 9.2 da Constitución Española, a quen lle corresponde promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo sexan reais e efectivas?

- A) Ao Goberno.
- B) Ás Cortes Xerais.
- C) Aos Poderes públicos.
- D) Ao Poder xudicial.

2. O artigo 2 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece que a organización territorial propia de Galicia regularase por:

- A) Unha Lei do Parlamento de Galicia.
- B) Unha Lei da Xunta de Galicia.
- C) Un Decreto da Xunta de Galicia.
- D) Un Decreto do Parlamento de Galicia.

3. Segundo o establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de riscos laborais, como se designan aos Delegados de Prevención?

- A) Serán designados por e entre os representantes do persoal, no ámbito dos órganos de representación.
- B) Serán designados polos traballadores da empresa por maioría.
- C) Serán designados pola dirección da empresa.
- D) Serán designados por e entre o Comité de Seguridade e Saúde.

4. Segundo o establecido no artigo 12 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, quen orientará as políticas de gasto sanitario en orde a corrixir desigualdades sanitarias e garantir a igualdade de acceso aos Servizos sanitarios públicos en todo o territorio español?

- A) O Goberno.
- B) Os poderes públicos.
- C) O Ministerio de Sanidade e Consumo.
- D) As Cortes Xerais.

5. A Constitución Española propugna como valores superiores do ordenamento xurídico:

- A) A xerarquía normativa, a publicidade das normas e a división de poderes.
- B) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.
- C) A autonomía e a solidariedade entre todas as nacionalidades e rexións.
- D) A democracia, a legalidade e a seguridade xurídica.

6. Sinale a resposta correcta. O artigo 20 da Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes establece que:

- A) A historia clínica terá que conservarse en todo caso no soporte orixinal no cal se xenerou, coas cautelas que se establezan regulamentariamente para evitar a manipulación de datos.
- B) As follas do consentimento informado se conservarán, como mínimo, ata que transcorran cinco anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- C) Conservarse indefinidamente a folla de evolución e de planificación de coidados de enfermaría, entre outros.
- D) A historia clínica deber ser destruída transcorridos cinco anos desde o falecemento do paciente.

7. O artigo 16 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece que os vicepresidentes e os conselleiros da Xunta de Galicia son nomeados e cesados por:

- A) O Rei.
- B) O presidente da Xunta de Galicia.
- C) O presidente do Parlamento.
- D) O Rei, a proposta do presidente da Xunta de Galicia.

8. O artigo 42 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, sinala como retribucións básicas:

- A) O soldo, os trienios e as pagas extraordinarias.
- B) O soldo, os trienios, as pagas extraordinarias e o complemento de destino.
- C) O soldo, o complemento de destino e o complemento específico.
- D) O soldo, as pagas extraordinarias e o complemento de destino.

9. Segundo o establecido no artigo 5 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os procesos de selección, mobilidade e promoción interna que se convoquen abarcarán como mínimo, con carácter xeral, o ámbito de cobertura territorial de:

- A) Un distrito sanitario.
- B) Unha localidade.
- C) Un centro sanitario.
- D) Unha área sanitaria.

10. O artigo 75 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece que lle corresponde ao Consello da Xunta de Galicia o exercicio da seguinte competencia:

- A) A planificación da ordenación territorial do sistema público de saúde de Galicia.
- B) A aprobación das directrices de política sanitaria da Xunta de Galicia.
- C) A planificación estratéxica da política de recursos humanos conxunta do sistema público de saúde de Galicia, sen prexuízo do exercicio de planificación que cada organización especializada haxa de realizar.
- D) A elaboración do proxecto do Plan de saúde de Galicia.

Preguntas de reserva

1. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece que se constituirá un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas ou centros de traballo que contén con:

- A) Cincuenta ou máis traballadores.
- B) Corenta ou máis traballadores.
- C) Setenta e cinco ou máis traballadores.
- D) Cen ou máis traballadores.

2. A Constitución Española configura o dereito á protección da saúde:

- A) Como un principio reitor da política social e económica.
- B) Como un dereito fundamental.
- C) Como un dereito dos cidadáns.
- D) Como un dereito subxectivo de toda persoa.